



PLAN DIGITAL

C.R.A. A Tarandeira

Escola de Lañas

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Colexio Rural Agrupado A Tarandeira (Escola de Lañas)
Lugar Lañas, s/n - 15863 - A Baña (A Coruña)
15147 Coristanco (A Coruña)
cra.atarandeira@edu.xunta.gal
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cracoristancosantacomba/>

O noso centro oferta 2º Ciclo de Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria. Concretamente nesa escola impártese ditas etapas. Esta escola conta cun total de 12 alumnos/as.

O cadro de profesorado está composto por 13 mestres con centro base no noso centro.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Contexto demográfico, social, económico e cultural

O *Colexio Rural Agrupado A Tarandeira* atópase en tres concellos do interior da provincia da Coruña: A Baña, Santa Comba e Coristanco que pertencen a cadansúa comarca A Barcala, Terra do Xallas e Bergantiños. Os tres concellos abranguen unha superficie de 442 km². Teñen un relevo pouco accidentado con suaves ondulacións cunha altitude entre os 300 e os 500 metros. O clima é atlántico moi húmido propio das zonas costeiras de Galicia.

A configuración actual do centro ten a súa orixe na fusión nun só centro dos CRAs de Coristanco, Santa Comba mais a EEI de Lañas na Baña, no ano 2019. No curso 20219-20 botaba a andar o novo centro con sete escolas. Cada unha delas conta cunha unidade mixta de Educación Infantil e Primaria ata 2º de EP.

A escola de Lañas atópase no concello da Baña nun entorno rural no que a lingua galega e a predominante. Conta cunhas instalacións de grandes dimensións; unha aula xeral, unha aula anexa de arte outra de psicomotricidade e unha última destinada ao xogo e o tempo de lecer.

Contexto demográfico

A evolución demográfica dos tres concellos é semellante á que se vén producindo no conxunto de Galicia nas últimas décadas: perda de poboación aínda que con moita máis intensidade que no conxunto de Galicia por tratarse de concellos do rural no interior da provincia da Coruña. O éxodo ás cidades e vilas limítrofes, así como a emigración fóra de Galicia pasou unha terrible factura demográfica aos tres concellos. Os datos a 1 de xaneiro de 2021 son os

seguintes: o concello da Baña conta con 3.389 habitantes, menos da metade dos que tiña en 1970. Perdeu case 5.000 habitantes, case un 60% menos. Santa Comba conta con 9.359 habitantes fronte aos 12.115 que tiña en 1960, perdeu case 3.000 habitantes, un 23% menos. E por último Coristanco conta con 5.878 habitantes fronte os 10.300 que chegou a ter no 1983, un 43% menos.

É, polo tanto, un contexto no que a poboación en idade escolar caeu drasticamente nas últimas décadas. Por outra banda, hai pouca presenza de poboación inmigrante.

Contexto social, económico e cultural

Os alumnos que acoden ás aulas do CRA proceden case na súa totalidade do medio rural. Mais tamén algúns alumnos proceden de vilas como Santa Comba, Negreira ou Carballo. Este é un aspecto enriquecedor para traballar nas aulas, xa que podemos ter achegas diferentes segundo o centro de interese que traballemos.

A actividade económica e laboral xa non está relacionada maiormente como anos atrás coas explotacións agrícolas e gandeiras. Agora o abano de sectores económicos é máis amplo predominando o sector servizos máis tamén o sector téxtil, construción, madeira, talleres mecánicos ou canteiras.

Canto a servizos e recursos relacionados coa educación, dende os concellos ofértanse diferentes actividades culturais e deportivas para todas as idades, mais centralizadas nas vilas. Nalgunhas zonas rurais ofértanse actividades a través das asociacións de veciños mais só para adultos.

As dotacións principais de infraestruturas nos concellos, con diversas variacións entre eles, son: instalacións deportivas, pavillón polideportivo, piscinas, biblioteca, edificio de servizos múltiples, casa da cultura... A maioría destas atópanse centralizadas nas respectivas vilas. Moitos destes recursos son medios cos que contamos tamén para levar a cabo o labor educativo do noso centro.

Contexto lingüístico

A práctica totalidade da poboación ten como lingua materna e vehicular o galego. O uso da lingua galega é moi maioritario nestes concellos habendo un 85% da poboación que declara usar sempre o galego en Santa Comba, 89% en Coristanco e 92% na Baña. (Datos: “Evolución do uso do galego por concellos”, 2014. Carlos Neira).

Con todo, o contexto rural xa non é garantía de iniciación na lingua galega. Vimos detectando desde hai poucos anos que nenos do rural con pais galegofalantes teñen, porén, como lingua vehicular o castelán.

Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive. O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros

documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios. É

imprescindible dotar ao Plan Dixital dun enfoque de centro sobre o uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de modo que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O PDC do CRA A Tarandeira porase en marcha no vindeiro curso e formará parte fundamental da PXA. Os obxectivos recollidos no Plan de Acción son obxectivos a cumprir na Programación Xeral do vindeiro curso. O compromiso de realización dos mesmos é total tendo como referencia temporal para o cumprimento de ditos obxectivos o final de curso.

1.3 Breve xustificación do mesmo

O contexto normativo polo que se desenvolve o Plan Dixital do noso centro vén dado polas seguintes referencias normativas:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación establecen os estándares de interoperabilidade entre os distintos sistemas de información usados no sistema educativo español. As contornas virtuais de aprendizaxe nos centros docentes sostidos con fondos públicos deberán contribuir á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo.

No seu art.121 recolle que o proxecto educativo de centro recollerá a estratexia dixital do centro

O art.132 establece que, en atribución das súas competencias, será o director do centro o que deberá impulsar todos aqueles plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022.

1.4 Proceso de elaboración

A primeira fase da elaboración do plan comezou coa resposta a unha enquisa por parte do profesorado do centro que contase cunha antigüidade maior a un ano. Esta enquisa denominada SELFIE pregunta por un lado ao equipo directivo e por outra ao profesorado e ofrece ao centro unha instantánea de en que punto se atopa na actualidade en relación coa estratexia e a práctica no uso das tecnoloxías dixitais de ensino e aprendizaxe. Os resultados das preguntas en oito áreas diferentes (Liderado, colaboración e redes, infraestrutura e equipos, desenvolvemento profesional continuo, pedagogía: apoios e recursos, pedagogía: implementación na aula, prácticas de avaliación, competencias dixitais do alumnado) proporcionan unha información que permite facer unha análise DAFO.

Nun momento posterior o conxunto do profesorado do centro respondeu ao Test CDD (Test de Competencia Dixital Docente). Este test avalía o nivel de competencia dixital tanto do centro no seu conxunto como do docente individualmente en diferentes áreas: compromiso profesional, recursos dixitais, ensino e aprendizaxe, avaliación, capacitación do alumnado e desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. Os resultados que se tiran deste test é que o noso centro en canto a nivel de competencia dixital sitúase nun nivel Integrador (B1) en consonancia coa media de Galicia. E no caso dos docentes predomina o nivel Explorador (A2) e Integrador (B1).

Posteriormente o proceso de elaboración do Plan Dixital completouse coa realización de dúas reunións co conxunto do claustro. A primeira delas para recadar achegas para a análise DAFO e a segunda para a escolla dos obxectivos a incluír no Plan de Acción. Posteriormente, a redacción foi feita por parte do coordinador do Equipo TICs do centro, e reenviado o borrador do Plan ao conxunto do claustro para recadar achegas ao mesmo.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital:**

En canto á **conectividade** no centro existe unha infraestrutura que pode ser calificada de boa. Hai escasos 4 cursos despregouse unha rede de conexión a Internet de banda larga e velocidade alta que formou parte dun programa denominado *Escolas Conectadas*. Dito programa estaba financiado con fondos Feder da Unión Europea que tiñan como obxectivo dotar ás escolas rurais de conexións a Internet de calidade.

Nesta escola a conexión é tanto a través de fíos como tamén sen fíos. Funciona ben e non hai cortes de subministración frecuentes. Cinco das sete escolas teñen Smartphones con conexión de datos e voz.

• **Equipamento**

| AUDIOVISUAL | | | | |
|--------------------|--------------------------------|------------|--------------|------------|
| INVENTARIO | ARTÍCULO | CANTIDA DE | LOCALIZACIÓN | USO |
| 000059 | Cámara Polaroid iS829 | 1 | Lañas | En uso |
| 000063 | Encerado Dixital Smarttech | 1 | Lañas | En uso |
| 000064 | Par de altofalantes | 1 | Lañas | En uso |
| 000415 | Altofalante Energy System Box | 1 | Lañas | En uso |
| 000422 | Altofalante Energy | 1 | Lañas | En uso |
| 000069 | Pantalla Dell con altofalantes | 1 | Lañas | En uso |
| 000070 | Pantalla Dell con altofalantes | 1 | Lañas | En uso |
| 000071 | Pantalla Dell con altofalantes | 1 | Lañas | En uso |
| INFORMÁTICO | | | | |
| 000066 | Impresora Lexmark MX 410 DE | 1 | Lañas | En uso |
| 000065 | Portátil HP Probook 6550B | 1 | Lañas | En uso |
| 000429 | Pantalla dixital Smart | 1 | Lañas | En uso |
| 000073 | Teclado Dell | 3 | Lañas | En uso |
| 000074 | Rato Dell | 3 | Lañas | En uso |
| 000566 | Proxector Epson EB-X39 | 1 | Lañas | En uso |
| 000058 | Adaptador de rede Archer | 1 | Lañas | En almacén |

• **Servizos dixitais educativos:**

O CRA conta con páxina web do centro. Aínda que falta por desenvolver unha mellor organización da súa estrutura, xa cumpre algúns importantes obxectivos como son:

- Punto de información dos datos básicos do centro.
- Serve de vía de comunicación oficial de todas aquelas novas e avisos importantes para toda a comunidade.
- É un medio de difusión de moitas actividades que se realizan no centro.

No vindeiro curso e formando parte do Plan de Acción do Plan Dixital, tamén implementaremos a contorna virtual de aprendizaxe e de colaboración “Agueiro”. Xa é de uso habitual o espazo Abalar por parte dos docentes para comunicarse coas familias.

No vindeiro curso 2022-23 implantarase no 1º Ciclo de Educación Primaria nalgunhas das escolas do CRA, o libro dixital do alumno para catro materias:

Lingua galega, lingua castelá, lingua inglesa e Matemáticas. O provedor deste servizo dixital será Snappet.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.

O equipamento dixital do centro é xestionado principalmente polo coordinador TIC do centro coa axuda do equipo TIC. As incidencias na conectividade son resoltas coa axuda da UAC e/ou Xestión de Redes. As incidencias cos equipos (ordenadores, proxectores...) se non se poden resolver cos coñecementos propios "in situ" son levados para a súa reparación a empresas externas. Non contamos apenas con equipos con mantemento por parte de técnicos da UAC.

2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Preséntase aquí a información do **resumo das áreas do informe SELFIE** de cada etapa educativa na seguinte táboa:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A - Liderado | Equipo Direct. | 3 | | | | |
| | Profesorado | 2,9 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 2,6 | | | | |
| | Profesorado | 2,3 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 2,8 | | | | |
| | Profesorado | 2,5 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 3,7 | | | | |
| | Profesorado | 3,6 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 3,2 | | | | |
| | Profesorado | 3,1 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 2,6 | | | | |
| | Profesorado | 3 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| G- Prácticas de | Equipo Direct. | 2,5 | | | | |
| | Profesorado | 2,5 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 2,3 | | | | |
| | Profesorado | 2,5 | | | | |
| | Alumnado | | | | | |

Test CDD: Inclúese a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén se reflicte o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 8 | 8 | 100 |
| PROVISIONAL | 2 | 2 | 100 |

| | | | |
|------------|---|---|-----|
| INTERINO | 2 | 2 | 100 |
| SUBSTITUTO | 4 | 4 | 100 |
| DESPPAZADO | - | - | - |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 65 | Integrador B1 | 76,4 | Integrador B1 |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|----------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| Infantil | 61,1 | Explorador A2 | 68,2 | Integrador B1 |
| Primaria | 62,5 | Explorador A2 | 77 | Integrador B1 |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------|---|---|
| A1 | - | - |
| A2 | 10 | 62,5 |
| B1 | 5 | 31,2 |
| B2 | - | - |
| C1 | 1 | 6,3 |
| C2 | - | - |
| TOTAL | 16 | 100 |

2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | 1.-Bo acceso Internet. C.3 2.-Dispoñemos dos espazos pero falta organizalos. C.14 3.-Existen espazos que apoian o ensino/aprendizaxe dixital. C.14 | 1.-Non dispoñemos de dispositivos dixitais para o ensino. C.2 2.-Non dispoñemos de dispositivos dixitais para a aprendizaxe. C.8 3.- Existen espazos que apoian o ensino/aprendizaxe dixital pero insuficientemente explotados. C.14 |
| | PERSOAL DOCENTE | 1.-Novas modalidades de ensino. A.3 2.-Hai comunicación para análise vantaxes de introdución das TICs. B.2 3.-Participación da maior parte do Claustro no PFPPs. D.2 4.-Visión conxunta sobre liñas do PFPP (dixital). D.1 | 1.-Falta de tempo. A.4 2.- Non hai colaboración interna e externa. B.3 3.- Non se intercambian experiencias. D.3 4.- Descoñecemento no uso de software libre. E.5 5.- Non se empregan habitualmente as |

| | | | |
|--|-------------------------------|---|--|
| | | 5.-Existe comunicación dixital coa comunidade educativa: Web, abalarMóbil, correo-e. E.4 6.-Empréganse recursos educativos en liña. E.1 | contornas virtuais de aprendizaxe (Aula Virtual...) E.3 5.- Non se crean recursos dixitais. E.2 |
| | PERSOAL NON DOCENTE | 1.-Fomento da creatividade: hai en marcha un cambio metodolóxico no centro. F.3 2.-Avaliación dixital: boa disposición persoal docente para avanzar na avaliación dixital pero aínda inseguros... faltan ferramentas, formación... G.7 | 1.-Empréganse aplicacións externas á Xunta (Snappet, Recursos Educativos). F.1 2.-Pouco tempo de uso de TICs na aula. F.3 3.-Proxectos interdisciplinares: non uso das TICs. F.6 |
| | ALUMNADO | 1.- Outorgase recoñecemento ao traballo dos demais. H.6 | 1.-Habilidades dixitais (do alumnado) para diferentes materias. H.10 2.- Temos que aprender a codificar ou programar: temos bee-bots infrautilizados. H.11 |
| | FAMILIAS | | |
| | OFERTA | | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | | 1.- Inexistencia dunha estratexia dixital. A.1 |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|-------------------|---------------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | 1.-Contamos con asistencia técnica. C.5 2.-Tempo para explorar o ensino dixital. A.4 3.- Oferta PFPP por parte da Consellaría. D.2 | 1.-Asistencia técnica externa a Xunta. C.5 2.- Adaptación ás necesidades do alumnado: a Consellaría non oferta nin contidos nin ferramentas dixitais axeitadas. F.1 |
| | LEXISLACIÓN | 1.-Coñecementos básicos de normas, dereitos de autor, licenzas... (a traballalo). A.5 | |
| | CONTORNA | 1.-Fenda dixital:Apoio para abordar dificultades (contamos con algún equipo). C.12 | 1.-Existen grandes diferencias en canto aos coñecementos informáticos das familias C.12 |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | | |

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

A partir dos resultados da enquisa SELFIE e dos Test de Competencia Dixital Docente, e co asesoramento da monitora Adix, o equipo docente elaborou a táboa de análise DAFO. A conclusión foi que as dúas áreas prioritarias de actuación nas que debíamos incidir neste primeiro Plan Dixital de centro eran:

- E. Pedagogía: Apoios e recursos
- F. Pedagogía: Implementación na aula.

A esta conclusión chegouse despois de observar que nas respostas da enquisa SELFIE determinados subapartados destas áreas presentaban unha variabilidade máis acusada nas puntuacións respecto a outros apartados.

E. Pedagogía: Apoios e recursos.

Unha vez identificados situáronse na táboa DAFO e observouse que os subapartados que salientaban entre outros por seren debilidades da nosa organización eran:

- O uso de contornas virtuais de aprendizaxe e redes de colaboración levou a que un dos obxectivos asumidos no Plan de Acción sexa: Pór en marcha a rede colaborativa “Agueiro” e crear un repositorio de contidos nesta rede para o noso centro.
- O apartado de comunicación coa comunidade educativa motivou que o outro dos obxectivos do Plan de Acción sexa: Establecer como vía de comunicación habitual coas familias “Abalar” e a súa aplicación para móbil “abalarMóbil”.
- Outro obxectivo básico primordial é organizar os recursos dixitais do centro (espazos e dispositivos) para coñecermos a situación de partida inicial e podermos establecer os obxectivos que pretendemos conseguir.

F. Pedagogía: Implementación na aula.

Detectamos tamén que o nivel de uso de TICs na aula xunto coa realización de actividades relacionadas coas TICs podía non ser o necesario como para desenvolverá a competencia dixital do alumnado. Por esta razón, consideramos conveniente marcarnos como obxectivo a Creación dun proxecto anual interdisciplinar empregando as TICs.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Necesidades de equipamento:

Para o cumprimento do primeiro obxectivo do Plan de Acción, expresado na acción seguinte:

A01.4: Crear os espazos TICs nas escolas cos recursos actuais e os que proporcione AMTEGA cómpre equipar ao centro con novos ordenadores. Cando menos, deberíamos contar con un ordenador por escola para crear un espazo TIC de uso cotiá para o alumnado. Isto é sete PCs ou portátiles. A día de hoxe o único equipo informático existente nas aulas é o do mestre.

Servizos Dixitais:

A Consellaría debería facilitar un servizo técnico de mantemento dos equipos (hardware), proxectores, pizarras dixitais, redes... Co orzamento do noso centro non podemos pagar un servizo de mantemento externo.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| "Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos | | | | | | |
|--|---|-----------------------|-------------------------|---|-------------|--|
| 1. OBXECTIVO (1): | Organizar os recursos dixitais do centro (espazos e dispositivos) | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador TICs e equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Realización do inventario dixital do centro | | | | | |
| Valor de partida (3) | Ningunha escola conta con espazos TICs. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 3 escolas contan con espazos TICs | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A01.1:Revisar os recursos dixitais dispoñibles | Coordinador TICs | 30/09/2022 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.2: Dar de baixa do inventario os recursos obsoletos ou en mal estado | Coordinador TICs | 31/10/2022 | Ordenador e Internet | Copia acta Consello Escolar Copia entrega no punto limpo | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.3:Facer o inventario | Coordinador TICs | 21/12/2022 | Ordenador e Internet | Realización do inventario | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.4:Crear os espazos TICs nas escolas cos recursos actuais e os que proporcione AMTEGA | Equipo TIC | 21/06/2023 | Ordenador e Internet | Comprobación da instalación dos espazos. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos . E.4. Comunicación coa comunidade educativa | | | | | | |
|---|---|--------------------------------|--------------------------------|--|--------------------|--|
| 2. OBXECTIVO (1): | Establecer como vía de comunicación habitual coas familias “Abalar” e a súa aplicación para móbil “abalarMóbil” | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador TICs e equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Consolidar a plataforma Abalar como a única plataforma segura de comunicación coas familias | | | | | |
| Valor de partida (3) | Un número reducido de familias consultan habitualmente Abalar | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Todas as familias consultan habitualmente Abalar | | | 21/06/2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A02.1:Informar ás matrículas novas que descarguen aplicación abalarMóbil. | Equipo directivo | 30/06/2022 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.2: Comprobar que todas as familias están dadas de alta en abalarMóbil ao inicio do curso escolar. | Equipo directivo | 30/09/2022 | Ordenador e Internet | Comprobado no Espazo Abalar | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.3:Informar ao novo profesorado que esta (xunto coa web) é a vía telemática oficial de comunicación do centro coas familias. | Equipo directivo | 30/09/2022 | Ordenador e Internet | Informado no 1º claustro do curso: acta do claustro. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A02.4:Comprobar que porcentaxe de familias consultan as | Equipo directivo Docentes | 31/10/2022 e ao longo do curso | Ordenador e Internet | Comprobado no Espazo Abalar | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |

| | | | | | | |
|--|------------------------------|---|----------------------|-----------------------------|-----------|--|
| comunicacións de abalarMóbil. | | | | | Pendente | |
| A02.5:Lembrar a aquelas familias que non o estean a utilizar que é a vía telemática oficial de comunicación. | Equipo directivo Docentes | 21/06/2023 e en calquera momento ao longo do curso | Ordenador e Internet | Comprobado no Espazo Abalar | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| “Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos | | | | | | |
|--|---|-----------------------|-------------------------|---|-------------|--|
| 3. OBXECTIVO (1): | Pór en marcha a rede colaborativa “Agueiro” e crear un repositorio de contidos nesta rede para o noso centro. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador TICs | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Número de actividades que o profesorado sobe a Agueiro | | | | | |
| Valor de partida (3) | Ningún mestre/a sobe actividades a Agueiro | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | O 100% do profesorado sobe cando menos 2 actividades ao trimestre. | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A03.1: Abrir a conta de Agueiro para o centro. | Coordinador TICs | 15/09/2022 | Ordenador e Internet | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.2: Establecer o administrador. | Coordinador TICs | 15/09/2022 | Ordenador e Internet | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.3: Formación en Agueiro. | Coordinador PFP | 30/09/2022 | CFR | Realización da formación | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.4: Crear un grupo en | Administrador de Agueiro | 30/09/2022 | Ordenador e Internet | Revisar trimestralmente que o profesorado subiu | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |

| | | | | | | |
|--|--------------------------|------------|----------------------|---|-----------|--|
| Agueiro do proxecto anual para incluír as actividades | | | | as actividades. | Pendente | |
| A03.5: Crear actividades por áreas por parte do profesorado. | Administrador de Agueiro | 21/06/2023 | Ordenador e Internet | Revisar trimestralmente que o profesorado subiu as actividades. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A03.6: Subir á plataforma Agueiro fotos/vídeos do uso das ferramentas TICs no proxecto interdisciplinar. | Administrador de Agueiro | 21/06/2023 | Ordenador e Internet | Revisar trimestralmente que o profesorado subiu as actividades. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": F. Pedagogía: Implementación na aula. | | | | | | |
|--|--|-----------------------|-------------------------|--------------------------|-------------|--|
| 4. OBXECTIVO (1): | Creación dun proxecto anual interdisciplinar empregando as TICs. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Porcentaxe de profesorado que utilizou as ferramentas TICs | | | | | |
| Valor de partida (3) | Ningún mestre/a emprega as ferramentas TICs | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | 0 100% do profesorado emprega as ferramentas TICs. | | | 30/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A04.1:Definir o tema do proxecto anual. | Claustro | 30/09/2022 | | Acta da coordinación | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A04.2: Establecer coordinador e organización do proxecto. | Coordinador proxecto | 30/09/2022 | | Acta da coordinación | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A04.3:Decidir que ferramentas TICs se van empregar. | Coordinador proxecto Coordinador TICs | 30/09/2022 | Ordenador e Internet | Acta das coordinacións | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| | | | | | Realizada | |

| | | | | | | |
|--|--|---------------------------------------|----------------------|---|------------------|--|
| A04.4: Crear grupo de traballo (titoras) para crear actividades TICs do proxecto. | Coordinador proxecto Coordinador TICs | 30/09/2022 | Ordenador e Internet | Acta das coordinacións | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A04.5: Difundir as actividades do proxecto nas redes (Agueiro). | Coordinador proxecto Coordinador TICs | 21/06/2023 Final de cada trimestre | Ordenador e Internet | Publicación en Agueiro das actividades. | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora (revisión)

A proposta de mellora establecerase, se fora o caso, na última reunión de curso e irá incluída na memoria da Programación xeral Anual.

5. Difusión do plan

A redacción final definitiva do Plan Dixital de centro será enviada ao conxunto do claustro por correo corporativo para ser aprobado posteriormente polo Consello Escolar.

Estará aloxado na páxina web do centro a efectos da súa difusión e para que sexa coñecido polo conxunto da comunidade educativa.